



www.oqueleo.com

© Do texto: 2021, Xosé Manuel González Barreiro, «Oli»

© Das ilustracións: 2021, María Jesús Rojo Otero

© Desta edición:

2021, Sanoma Infantil y Juvenil, S. L. e Edicións Obradoiro, S. L.

Oqueleo é unha marca rexistrada, directa ou indirectamente por Grupo Santillana Educación Global, S. L. U., licenciada a Sanoma Infantil y Juvenil, S. L.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-32-7

Depósito legal: M-12448-2021

Printed in Spain - Impreso en España

Primeira edición: setembro de 2021

Dirección da colección:

Ana María Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja


Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Julia Ortega,

Álvaro Recuenco e Laura Ruiz



As materias primas utilizadas na fabricación deste libro son reciclables e cumpren amplamente coa normativa europea de desenvolvemento sostible, economía circular e xestión enerxética.

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser feita coa autorización dos seus titulares, agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

O elefante perdeu a memoria

Oli

Ilustracións de Chus Rojo

oqueleg

*Para todas as elefantas que cuidan
as nosas memorias idas.*

Meu avó

Os avós sempre son seres especiais e todos sentimos adoración por eles, mais o meu avó era especial, especial. Foi o primeiro elefante que perdeu a memoria, e iso é algo ben estraño. Pero é que ademais el gabábase de ter máis memoria ca ningún outro. Por iso ninguén podía crer que a perdese toda. Non vos vou ocultar que tamén tiña os seus destrutores. Dicían que a memoria non era tal, e que recordase tantos detalles podía explicarse pola repetición día tras día, durante anos, do mesmo percorrido,

polos mesmos camiños, na mesma orde e á mesma hora. Sexa como for, o que vos vou contar é a historia do meu avó, o Elefante.

A casa

As casas dos elefantes son inevitablemente grandes, e non porque lles guste presumir, senón por necesidade. Imaxinas o bochorno de ter que deixar a trompa ou o cu asomando pola porta?

9

Poden chegar a ser inmensas se os seus donos pretenden formar unha gran familia, non tanto polo talle dos seus membros coma polo número. Este debeu ser o caso dos meus avós, pois a súa casa era enorme. Estaba coroada polo pequeno tellado dunha bufarda. Tiña tamén unha gran fiestra, á que se aso-

maba o avó todas as mañás. Pero diso xa falaremos.

10 Foi nela onde os netos aprendemos a mentir. Era cando a avoa desafiaba a prohibición dos nosos pais e nos regalaba algunha galdrumada a condición de que o negásemos se nos preguntaban. Como non sempre sabiamos gardar o segredo, montábase unha pequena lea familiar, que non tardaba en resolverse, pois sentíanse tan infelices que non lles pagaba a pena continuar enfadados.

Era unha casa dinámica e segundo a hora do día mudaba de aspecto. Á mañá parecía unha casa normal e á tarde semellaba un cadro abstracto, todo salpicado de barro. A nós tanto nos tiñan aquelas manchas, froito dos momentos máis felices do día. E polo que se vía, os avós tampouco se sentían incómodos con aquel colorido pardo sobre as paredes.



Os días do elefante

12 Os días sempre comezaban da mesma maneira, co avó asomándose á fiestra para recibir o abrazo cálido do sol ou o saúdo húmido da chuvia. Facíao porque lle gustaba saber o que lle podería deparar o día. Así, cando o tempo estaba seco, sabía que non tería moita faena. Pero se chovía, non había ter descanso retirando troncos arrastrados dun lado e pedras doutro.

Tras despedirse, marchaba a limpar os camiños. Traballar facíao moi feliz porque lle prestaba falar con todo o mundo.

Co tempo tamén lle había comportar algunha inimidade, como lle sucedeu coas xirafas ou co rinoceronte.

O traballo comezaba no camiño das xirafas. Alí pouco había que quitar porque a súa voracidade igualaba a súa altura e non quedaba unha folla ou unha póla solta que o vento puidese arrincar. Seguía polo dos monos, onde había máis cousas que se movían: un tronco arrancado, algunhas pólas ciscadas... E despois, o do río, que era o máis trabaloso porque, cando chovía, podía-se atopar de todo. Alí estaba o rinoceronte, ao que lle quitara as falas porque dera en picalo co corno no cu cada vez que o pillaba descoidado.

Deseguido saudaba o hipopótamo. Con el si que lle gustaba falar, porque o informaba de canto sucedera desde o día



anterior. E polo que se vía, ao avó gustáballe saber.

Despois vía o crocodilo, que agardaba nadando río arriba e río abaixo a que algunha cebra despistada se atrevese a cruzalo para botarlle o dente.

E así día tras día, durante semanas, meses e anos.

15

Pero non todo era traballo na vida. Os días acababan con auga, algo que lle permitía marchar feliz para a casa.